



CONCURSO DE DISEÑO DE BOLSAS DE TEA

IES REGO DE TRABE

Consejo de
Gobernadores de
Escuelas



Coa finalidade de incentivar a creatividade e de difundir mensaxes que poñan en valor a lingua galega, convócase este certame de deseño de bolsas de tea (*tote bag*).

Para participar debes pensar no deseño e frase/lema/verso en galego, recoller a túa bolsa de tea en branco durante un recreo, deseñala coas técnicas que ti queiras (rotuladores téxtiles ou permanentes, estampación, bordado, cosido...) e entregala ao concurso (e despois lucila canto máis mellor!).

PRAZOS E FORMA DE PARTICIPACIÓN

- Recollida de bolsa de tea en branco para poder participar: do 8 ao 12 de maio, nos recreos, na zona da biblioteca/cafetaría (ata fin de existencias).
- Entrega da bolsa (que despois che será devolta para que a poidas usar!): entre o 12 e o 19 de maio, na biblioteca.

CATEGORÍAS E PREMIOS

Haberá catro categorías, cos seguintes premios:

- 1º e 2º da ESO: a escoller, entre altavoz Vieta Pro ou auriculares bluetooth JBL + diploma
- 3º e 4º da ESO: a escoller, entre altavoz Vieta Pro ou auriculares bluetooth JBL + diploma
- Bacharelato e ESA: a escoller, entre altavoz Vieta Pro ou auriculares bluetooth JBL + diploma
- Profesorado e persoal non docente: nesta categoría non haberá premios materiais, pero si o recoñecemento e aplauso de compañeiros/as e alumnado.

XURADO E VALORACIÓN

O xurado que decidirá os premios estará composto por profesorado dos departamentos de Artes Plásticas e Lingua Galega, do Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega (ENDLG) e por alumnado do Club de Lingua, e valorará a calidade e orixinalidade tanto do deseño como do lema utilizado.

RECOMENDACIÓNS

- **Sobre as bolsas:** recoméndase pasarlle o ferro previamente para que quede ben lisa e poñerlle un cartón dentro cando se vaia pintar ou estampar, para que non traspase a tinta, pintura etc.
- **Sobre os deseños:** pensa algo orixinal e que sexa acorde co texto que uses. Fai algo que che guste e que despois uses!
- **Sobre os lemas e frases:** pode ser unha frase que faga referencia á lingua e identidade, un verso que che guste especialmente ou co que te identifies, unha frase motivadora, unha lema que poña en valor o galego, algo que queiras dicir cando uses a bolsa etc. Comproba que estea correctamente escrito e, se queres, consúltao co teu ou túa profe de Lingua.